

JOSÉ RAFAEL MONEO VALLÉS

D. José Rafael Moneo Vallés nace en Tudela (Navarra) en 1937. Estuda na ETSAM, titulándose en 1961. Traballa como estudante con Oíza e máis tarde con Utzon en 1962. É pensionado en Roma de 1963 a 1965. Profesor das Escolas de Madrid, Barcelona e máis tarde Chairman no GSD, Harvard, onde é na actualidade Sert Professor of Architecture.

Entre as súas obras cabe destacar o Museo de Arte Romano de Mérida, o Kursaal de San Sebastián, o Museo de Arte Moderno de Estocolmo, a Catedral de Los Ángeles e a Ampliación do Museo del Prado.



A actividade de D. Rafael Moneo como arquitecto se acompaña pola que desenvolve como conferenciante e crítico. En 2004 publica "Inquietud Teórica y Estrategia Proyectual en la obra de ocho arquitectos contemporáneos", que foi traducida a sete idiomas, e en 2010 aparece simultaneamente en español e inglés "Apuntes sobre 21 Obras".

D. Rafael Moneo, recibiu numerosas distincións, entre outras o Premio Pritzker de Arquitectura en 1996, a Medalla de Ouro do RIBA en 2003 e o Premio Príncipe de Asturias de las Artes en 2012.

A Real Academia Galega de Belas Artes, en Sesión celebrada o 21 de decembro de 2013 nomeao Académico de Honra. O acto de recepción, coa súa disertación "La noción de conocimiento en Arquitectura", celebrouse o día 25 de outubro de 2014.